

Separados

Por Gabriel Engroba Castro 1ºD IES Nosa Señora Dos Ollos Grandes Lugo

Capítulo 1: Unha nova casa, unha nova ameaza

Esta historia non é das que comezan cun “Érase unha vez”. É das historias que comezan coa imaxe dunha persoa cun coitelo reflexada no espello. É igual ca min, mais a súa sonrisa perversa demostra o contrario. Levanta o coitelo en dirección ao espello.

-Non, por favor- lle suplico.

Mais é imposible que me escoite. Estamos moi lonxe do outro, aínda que non o pareza. E nese último instante no que arremetía o coitelo ata o espello, souben que todo este pesadelo, só acababa de comezar.

Unhas horas antes....

Notei un escalofrío. A cama que tenía na miña habitación e do ano catapum e xa está conxelada. Abrín os meus ollos e levanteime da miña cama. Outra vez puiden contemplar o increíble desorden que había na miña habitación. Eu intento recoller sempre que poido, mais o tempo que teño é moi xusto. Teño que ir ao instituto pola mañá, e pola tarde estou cos meus amigos ou, algunhas veces, estudando. E obviamente, lidiar coas batallas dun neno de 14 anos. A miña habitación tiña un armario, unha mesa cun ordenador enriba, un montón de roupa polo chan, a cama e unha mesilla de noite na que descansa un reloxo vermello enriba dela. Mirei ao reloxo que había na mesilla de noite ao lado da cama. Eran as seis e media. Xusto a tempo para...RING RING!!!! Ese reloxo fai un ruído tan desagradable que gustaríame poder tiralo pola ventá. Dúchome, vístome e salgo da miña habitación. Antes de pechar a porta lle dediquei unha última mirada. Esa sería a última vez que a vería.

Fun polo corredoiro xa sen cadros nin plantas ata a cociña. Alí estaban a miña irmá, o meu pai e a miña nai.

-Bos días,Álex!-díxome Ana , a miña nai.

-Vexo que todos espertasteis ben pronto - dixeran mirando a Silvia, a miña irmá, e a Hugo, o meu pai.

-Queríamos disfrutar un pouco da casa antes de irnos- dixo o meu pai-. Anda come unha tostada que nos temos que ir.

Despois de zampar a miña tostada fun a fóra da miña casa e camiñei polo sendero de madeira ata o camiión de mudanzas. Polo visto, a miña nai había metido o ordenador, o reloxo e toda a roupa que había no chan da miña habitación no camiión de mudanzas. Despois dun rato empacando cousas, metimos todo no camiión e fomos ao coche do meu pai.

-Dicide adeus á esta casa!!!-dixo Hugo.

Cando comezamos a conducir ata a nova casa, pasamos por diante da casa dos meus mellores amigos: Dani e Marta. Pensei que os podería seguir vendo, e que só ibamos a ir 2 km máis lonxe da cidade. Cando comezamos a aproximarnos ao noso destino xunto co camiión de mudanzas, entramos nun bosque. Un cartel poñía que era o bosque de Zafiro. Tamén vimos pasar unha sinal dunha carnicería, dunha pescadería, dun tal “Hotel Metropole”. E ao final, aparcamos diante da nosa nova casa. Era moi bonita, tiña un xardín moi amplo cunha piscina, un columpio e demais. Cando sacamos todo do camiión de mudanzas, este se foi e nos deixou sós no xardín daquela casa. Eu fun correndo á porta e antes de abríla notei unha mala sensación, un mal augurio de algo que iba a pasar. Pero xa non había volta atrás. Abrín a porta e entrei naquela casa.

Capítulo 2: Os libros son portas a novos secretos

A nosa nova casa era xigante. O recibidor estaba formado por unha gran sala con paredes de pedra e chan de madeira. Había un pequeno sofá e unha pequena mesa ao lado da porta principal.

-Oh deus meu....-exclamou Silvia-.É enorme!!!

-É a mellor que había na zona-dixo o meu pai.

Claro, o meu pai traballaba nunha empresa moi famosa de roupa e a miña nai era a xefa doutra empresa, tamén moi coñecida. Por iso era tan grande a casa, xa que tiñamos bastante diñeiro.

-Silvia e Álex, porque non explorades a casa e colocades as cousas nunha habitación que os guste?-dixeron os meus pais.

Asentimos e fomos a explorar a casa. A cociña estaba á dereita do recibidor. Tiña un montón de caixóns e de armarios para poñer os utensilios da cociña, todos dunha cor azul moi bonita, un fregadero, unha mesa moi larga con varias cadeiras.... Tamén había varias ventás que daban ao xardín. Xusto ao lado había unha porta que baixaba ata un sótano, mais non entrei nese momento, xa que estaba concentrado en buscar habitación. O salón era moi grande obviamente, xa que toda a casa era moi espaciosa. Tiña varios sillóns, unha televisión, dous mesitas e unha cheminea. Despois continuei vendo os baños, con paredes cheas de azulexos azuis, e as habitacións. Todas eran iguais, mais dous se conectaban mediante un balcón que daba ao xardín. Silvia e eu collemos esas habitacións. Puxen o meu ordenador nunha mesa, as cousas para o aseo no baño, a roupa no armario e, ao acabar, senteime na cama. Estaba moi cansado, polo que busquei información sobre o pobo no que estábamos. Chamábase “Nickland”. Tiña en total 50 habitantes. Había un par de noticias destacadas, polo que decidín

ollalas por si eran interesantes. As dous trataban sobre o mesmo, a desaparición dun neno fai 9 anos.

-Que estraño-pensei-.

A noticia falaba dunha noite de tormenta na que un neno de 10 anos chamado Samuel desapareceu misteriosamente, sen que o houberan atopado a día de hoxe. Ao final, canseime e decidín ducharme no baño que había ao lado da miña habitación.

Ao acabar de ducharme fun ao salón, xa que era a hora de comer. Os meus pai habían preparado espaguetis á boloñesa, xa que sabían que a miña irmá e a min gustábanos moito.

-Que os parece a casa nenos?-dixo o meu pai de repente.

-É demasiado increíble para ser verdade- exclamou a miña irmá-. Ademais, Álex e eu temos un pequeno balcón que dá ao xardín!

-E a ti que te parece, Álex?-preguntou a miña nai.

-Gústame moito-respondín-. As habitacións son moi amplas e temos ata un sótano!

-Despois, se queres, pódeme axudar a colocar as ferramentas e demais no sótano-dixo o meu pai.

Asentín e ao rematar de comer fun á porta do sótano. O meu pai estaba alí, e xuntos baixamos pola escaleiras ata abaixo de todo.

O sótano daba moito medo. As únicas fontes de luz eran as diminutas lámpadas que había no teito. Había dous estanterías, unha chea de libros e outra baleira. Tamén había moitas mesas e cargadores para as ferramentas eléctricas

-Ti podes ocuparte de sacar o pó dos libros e de decorar o outro estante- dixo o meu pai.

Estiven limpando o pó das estanterías mentres o meu pai colocaba as ferramentas eléctricas nunha das mesas e poñía pintura nasa paredes. Despois dun rato, seguimos con colocar unhas lámpadas novas, de forma que xa non daba tanto medo a habitación e eu coloquei cadros e plantas na estantería baleira. En nada xa era a hora de cenar. O meu pai foi á cociña, mais eu quedei uns cinco minutos para observar os libros tan antigos que había na outra estantería. Había distintos libros coma “Os miserables”, “Alicia no país das marabillas” e demais. Mais un chamoume a atención. Chamábase “Imaxina”. O seu lomo era dourado e cos bordes marróns. Entón, decidín collelo. Todo sucedeu moi rápido. Cando tirei do libro para sacalo quedouse atascado. Un ruído procedente da estantería inundou a habitación. E a estantería abriuse. Acababa de atopar unha habitación secreta.

Capítulo 3: Portais

Non o podía crer. Despois diso fun cenar xa que o meu pai non paraba de chamarme e non quería que descubrise a sala secreta, polo que empurrei a estantería contra a parede e esta quedou como antes. Non dixer nada na cena que tivese que ver coa sala. Ao acabar de cenar fun directamente a miña habitación e fixen como que estaba durmindo. Cando oín que se pechaba a porta das habitacións da miña irmá e a dos meus pais saín ao pasillo. De repente, un raio iluminou a casa e sobresaltoume. Polo visto estaba comezando unha tormenta. Cheguei ao sótano sen facer moito ruído e tirei do libro "Imaxina". Obviamente, a estantería volveuse a abrir e eu metínme na sala que había detrás dela.

Nada máis entrar pechei a porta xa que non quería que me escoitaran. Cando mirei para diante, leveime unha gran sorpresa. Diante miña había dúas mesas de madeira con moitos libros por enriba e un obxecto moi sospeitoso tapado por unha manta gris. Inspeccionei os libros. Todos falaban dunha especie de conexión entre mundos e dun portal a outra dimensión. Tamén había moitas ecuacións científicas e falaba dunha tormenta. Nunha páxina, atopei unha foto de Samuel.

-Que fai isto aquí?- exclamei.

Ao acabar de rebuscar entre os libros dirixinme cara o obxecto tapado pola manta. Agarrei un extremo, respirei con forza e tirei da manta. Non puiden ocultar a miña decepción. Era un espello. Un espello normal con bordes dourados e moi bonito. Polo menos podía servir para decorar a habitación. Pero xusto antes de irme pasou. Pasou o que fixo que todo comezara. Eu estaba de espaldas. Mais o meu reflexo seguía mirándome.

Capítulo 4: Ata que a tormenta remate

Mirei de novo cara ao espello. Que estaba ocorrendo? Cando mirei de fronte ao reflexo este comezou a falar. Mais eu non oía nada. Ademais, poderíase dicir que estaba en *shock*. De repente caeu outro raio. O meu reflexo sorriu. A súa cara daba bastante medo. Caeu outro raio máis. O meu reflexo agarrouse ao espello. Eu non sabía que facer e tamén me suxetei a el xa que todo temblaba un pouco. Esa tormenta non era nin medio normal. E de repente caeu un último raio. Toda a habitación inundouse dunha luz sofocante. E quedei inconsciente.

Abrín os ollos. Estaba na sala secreta. Dolíame moito a cabeza. Mirei para o espello. Non había ninguén. Sería todo un pesadelo? Saín da habitación e fixeime en algo. Todas as ferramentas do meu pai estaban descolocadas. Cando eu estivera no sótano por última vez estaban ordenadas. Pensei que tal vez o meu pai había baixado para algo e as había deixado así. Fun a miña habitación e acosteime.

Cando espertei quería olvidar todo o que había pasado no sótano, así que fun a ducha para despexar a mente. Despois, baixei e, como de costume, estaban os meus pais tomando o almorzo.

-Bo día!-díxome a miña nai.

-Ola!-exclamei eu.

-Hoxe estás de mellor humor non?- dixo o meu pai.

Pareceume raro. No día anterior non había feito nada fóra do normal. Aparte de atopar unha sala secreta na que falaban dun portal interdimensional e dunha tormenta e soñar cun reflexo nun espello que non era un verdadeiro reflexo. Pero claro, eles non o sabían.

-Sí, supoño-dixen eu.

-É ademais-dixo Ana-. Véxote moi alegre!

-Sí, sempre estabas falando de espíritus e asasinados e por fin cambias de tema!-dixo o meu pai.

Eu non entendía. Eu non era nada gótico, non me gustaban as pelis de terror.

-Supoño-respondín.

-Álex, poderías subir a ver se a túa irmá está ben? Ela sempre soe madrugar moito-preguntoume Hugo.

Asentín e fun cara a habitación da miña irmá. Ao entrar non había ninguén. Vín que a porta do balcón estaba aberta e fun a mirar. Tampouco había ninguén. Onde estaría? A tormenta seguía facendo das súas. Canto iba a durar? . Mirei polo balcón. Necesitaba descansar, relaxarme... Xusto o pensei nun bo momento, cando miraba para abaixo polo balcón. Había atopado a miña irmá. Estaba abaixo, no xardín, con cara de susto e nun charco de sangue. Todo isto só acababa de comezar.

Capítulo 5: Internado Blacklife

Comezei a chorar. A miña irmá estaba morta. Non eramos dos tipos de irmáns que se peleaban moito, nos levámonos moi ben. Pero dínme conta dunha cousa. As ventás que daban á habitación da miña irmá estaban pechadas. O balcón estaba moi alto, non se podía escalar. E as nosas portas sempre eran pechadas polos meus pais e a abrían cando eles espertábanse. Só había unha forma de entrar na habitación. Polo balcón que comunicaba as nosas habitacións. Pero eu non a había matado. Non? Estábame volvendo loco. Pero o peor estaba por chegar. Os meus pais entraron no balcón. Mellor omito ese momento xa que estivo cheo de bágoas, gritos e demais. Os meus pais chamaron a policía. Cando esta chegou comezou a inspeccionar todas as habitacións e o balcón. Ata que atopou algo. Había marcas recentes no pomo da porta do balcón, na miña irmá e na barandilla do balcón. E aí comprendín que o que había pasado antes non foi un sono. O meu clon había matado a súa (e a miña) irmá. Que como o sei? Porque as pegadas que habían atopado eran miñas.

-Álex...-dixo a miña nai con bágoas saíndolle dos ollos.

-Levenlo a outro sitio no que se mereza estar-exclamou Hugo con furia na súa cara.

E a policía disparoume un dardo. De repente, sentínme moi cansado e caín dormido ao chan. Era un tranquilizante.

Recapitulemos. Acababa de atopar unha habitación secreta na nova casa na que había un espello cun eu doutra dimensión, que ao tocar os dous o espello nunha noite de tormenta, aparecimos na dimensión doutro, o eu desta dimensión era un asesino que matou a miña irmá (que en realidade non é a miña irmá senón a desta dimensión) e agora acababan de inculparme do asasinato. Xenial. Que máis podía pasar? Pois por exemplo que me acabasen internando nun internado de delincuentes.

Cando espertei estaba nunha habitación moi estraña. Todas as paredes eran grises e tiña varias literas nunha esquina dela. As ventás estaban pechadas con chave. E había unha persoa mirándome con cara seria. Era unha señora de aproximadamente 55 anos con cabelo rubio e uniforme gris.

-Bos días Álex-dixo ela-. Chámome Nadia e vas ter que cumprir todo o que che diga senón queres acabar no bosque.

Internado. A palabra resonou na miña mente. Que facía alí?

-Que fixen para acabar metido aquí?-exclamei.

-Pois, por exemplo, matar a túa irmá.

Outra vez con iso. Eu non a había matado. Mais sabía que nos internados non me iban facer caso o sea que acabei calando.

-En 10 minutos quérote ver no comedor.

E pechou a porta dun golpe. Eu puse o uniforme que tiñan nese sitio xa que alguén o había deixado na miña cama. Despois, saín da habitación en dirección ao comedor. Había varios carteis polo pasillo que poñían "Internado Blacklife". Cando cheguei despois dunha larga caminata ao comedor había varios estudantes co uniforme arredor da mesa. Nadia presentoume e despois comezaron a comer. Todos tiñan cara de asasinados (xa que o eran) polo que non me molestei en aprenderme os seus nomes. Mais había un que chamoume a atención xa que tiña un aire a persoa normal. Senteime ao seu lado e entablamos unha conversación.

-Como te chamas?-pregunteille.

-Samuel-dixo.

De repente recordei as fotos e a noticia dun neno que desapareceu misteriosamente. A foto era igualita a el.

-Espera, ti eres o neno que desapareceu misteriosamente fai 10 anos!!

-Non pode ser.... Ti tamén pasaste o espello?-exclamou.

Comezamos a conversar e descubrí que Samuel viviu na mesma casa que a miña e, polo tanto, tamén había atopado a habitación secreta. Os dous queríamos volver mais o internado non nos

deixaba nin saír ao campo.

-Mais, como chegaste aquí?-pregunteille.

-Os meus pais neste sitio eran moi alegres , mais o eu de aquí iba a ser enviado a este internado porque estíbese compotando fatal en todas partes. Pois eu tive que pagar.

-Pero hai varias cousas que non acabo de comprender-dixen-. Como sabían que íbamos a ver a habitación secreta á vez ?

-Eles son nós, polo que descubrimos a habitación á vez. E eu tamén teño unha duda-explicou-. Como é posible que os nosos dúbres sean tan malvados?

Pensei un rato e lle dixen...

-Se nos nos hemos coñecido aquí tal vez eles tamén se coñecían de algo. E se eles foron a un internado porque eran malvados e así se coñeceron?-dixen-. Entón ocorreu a túa desaparición a túa familia se mudou nas dúas dimensións e eu ocupeina nas dúas dimensións.

Que líoooooooo.... Pero polo menos agora coñecía a alguén que lle pasase o mesmo ca min. Agora tiñamos que escapar.

Capítulo 6: A fuga

Samuel e máis eu elaboramos un atrevido plan nos seguintes días nos que estivemos no internado. Consistía en:

- 1- Esperamos a que se faga de noite e saímos da habitación.
- 2- Escondémonos no cuarto da limpeza e volvemos a esperar para que o garda vaia ver se estamos durmidos.
- 3- Eu lle pecho a porta ao garda desde fóra e Samuel vixila que non veña ninguén.
- 4- Baixamos ao piso de abaixo rápido antes de que o garda avise de que non estamos e de que está encerrado.
- 5- Vamos ata o comedor e esperamos a que todos os gardas vaian a nosa habitación.
- 6- Vamos esquivando aos gardas que poden quedarxe a vixilar e cun obxecto duro , rompemos unha ventá na parte da lavandería.
- 7-Corremos ata as árbores e vamos con moito coidado ata a carretera a través do bosque.
- 8- Samuel dixo que cando chegou había unha gasolinera moi preto de alí polo que chegamos ata ela.

9- Facemos autostop e dicimos que somos nenos perdidos e que nos teñen que levar á Nickland ou robamos un coche da gasolinera.

Ao final fixemos autostop e en poucos minutos chegou unha parella que nos levou ata Nickland. O habíamos conseguido!!!!

Capítulo 7: Cristais rotos

Samuel e eu estabamos diante da miña casa.

-Canto tempo fai da última vez que estiven aquí- exclamou Samuel.

-Agora vamos volver a casa-lle dixeran.

Vimos unha ventá aberta no piso de abaixo e saltamos a través dela. Fomos con moito coidado de non espertar aos meus pais ata o sótano e, alí, entramos na habitación secreta. Pechamos a porta para que non nos escoitaran e Samuel comezou a falar.

-Olvideime de dicirche unha cousa perdoa-me dixo-. Queda media hora para que a tormenta remate. Despois xa non poderemos volver.

Pois xusto olvidaba o máis importante. O caso é que nos diriximos ata o espello. Mais el estaba alí.

O meu reflexo me miraba cunha cara maligna no seu rostro. E non estaba só. Parecía que o Samuel desta dimensión había deixado de ocultarse e estaba ao seu lado, dentro do espello. E aquí seguimos agora. Como dicía ao comezar a historia. Eu suplicando, o meu reflexo con coitelo, vai romper o espello... Vale. Pois resulta que todos os cristais saen disparados cando el estampa o coitelo contra o espello. Xa non teño forma de chegar a casa.

-Que facemos agora-din Samuel.

-Non o sei.

Fíxome en que a súa foto caeu ao chan e vou a collela. E o vexo. Os cristais rotos seguen reflexando ao Samuel e mais eu da outra dimensión. Se me acaba de ocorrer unha idea.

-Samuel, temos que reconstruír o espello no chan.

-Pero se só temos 25 minutos e hai máis de 50 cristais!!

-Temos que intentalo.

Collemos todos os cristais e comezamos a xuntalos todos no chan como se fose un quebracabezas. Despois de 15 minutos parece que xa o temos. Tocamos coas mans o espello e..... atravesamos o cristal.

Volvo a estar en casa. Samuel tamén. Mais aínda non acabamos. Diante nosa están os reflexos. Non dicimos nin pío, senón que o meu reflexo comeza a correr ata min co coitelo na man. O mesmo pasou co Samuel maligno. Comezamos a pelear. Eu tiro a mesa enriba del, esquivo os seus golpes e axudo un pouco a Samuel co seu clon. Despois de 9 minutos pelexando só nos queda 1. Empulláronnos ata a porta secreta e eles se quedaron diante nosa. Mais Samuel e eu collemos as mesas, as poñemos en forma de escudo e esquivando os diversos golpes de coitelo que me da o meu dobre empullamos aos reflexos enriba do espello. E desaparecen. Xusto a tormenta para e eles non poden volver ata aquí. O conseguimos!

Epílogo: Imaxina

Dous días despois....

Todo a volta á normalidade. Samuel e máis eu tiramos os cristais ao río. Con sorte, isto non volvera ocorrer. A miña familia estaba enfadada xa que, polo visto, había estado agresivo estes últimos días mais cando veron que volvía a ter unha personalidade estable me perdoaron. A miña irmá non estaba morta. Todo había saído perfecto o eso creía. Cando fun a por os cristais o outro día ocorreu unha cousa moi estraña. O libro imaxina tiña un pequeno rasguño por un lateral que debía de ser do uso. Pero había algo que sobresaía do libro. Unha pequena chave dourada. Eu a collín e analizei todos os rincóns da miña casa sen atopar nada. Ata que me fixei no reloxo. Sí, eses reloxos antigos que miden dous metros e non paran de facer tic tac. Tiña unha cerradura. Probei coa chave e abriuse. Dentro había un pequeno botón. O pulsei e unha nova porta oculta apareceu ao lado do reloxo. Cantas habitacións secretas habería nesta casa? Entrei dentro. Fun por unhas pequenas escaleiras e apareceu un laboratorio subterráneo. Todo estaba cheo de pócimas e demais cousas destas que usan os científicos. Pero algo me chamou a atención. Un obxecto moi grande cunha etiqueta nun lado. Poñía “Máquina do tempo”. Cantos inventos habería nesta casa? Adonde me levaría aquel trasto? Isto só acababa de comezar.

Fin